


Panel interactivo

1. Como encender e apagar o panel

a) De xeito manual

Moi preto da esquina inferior dereita temos un botón que ao pulsalo acende o panel (tarda algo máis dun minuto en arrancar). Cando está activo aparece un indicador led de cor azul. Simplemente tocando outra vez o pulsador pasaría a estar en standby, (o led pasa a estar intermitente entre laranxa e azul) como se o panel estivese apagado e se volvemos pulsalo acendería inmediatamente (así é como debería estar entre clase e clase). Se queremos deixalo completamente apagado cando rematen as clases manteríamos pulsado uns tres segundos o mesmo botón e aparecerá unha mensaxe que nos di que en 10 segundos o panel apagárase, senón picamos en cancelar xa se apaga totalmente.





b) Co mando

Para apagar e acender o panel picamos neste botón.

Aínda non atopei se temos algún botón do mando para poñelo en standby, polo que de momento teremos que facelo de xeito manual.

Para que o mando funcione ben teremos que apuntar cara a zona que aparece na imaxe da páxina seguinte. (Esquina inferior dereita)







2. Como conxelar o panel

a) De xeito manual

Na parte central á esquerda dereita e esquerda e na parte inferior central temos unhas pestanas que ao picar nelas aparecen as iconas de Menú, Marcar, Recortar e Máis. Picamos na icona de Máis e despois en Conxelar. Aparecerá este candado con lupa na esquina superior dereita.



Para desconxelar o panel picamos en Pechar nesta icona que aparece na parte inferior central.



b) Co mando

Para conxelar e desconxelar picamos no botón azul da parte central.



3. Como acadar que o audio saia polo panel

No ordenador picamos na icona do audio que está na parte inferior dereita e despois nas outras dúas frechas bermellas da páxina seguinte de tal xeito que ten que estar seleccionado sof-hda-dsp HDMI 1 Output.

